

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O incumprimento das cláusulas do convenio.
2. A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
3. A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia número 610** de data 9 de xaneiro de 2025.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DO
CONCELLO ZAS

Asdo.: Xosé Luis Penas Corral

Asdo.: Manuel Muíño Espasandín

A SECRETARIO ACCIDENTAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. : Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE ZAS

Número 24 / 2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A XESTIÓN INTEGRAL CON ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO E OUTRAS ACTIVIDADES, ANUALIDADE 2025

Na Coruña, a 13 de marzo de 2025

Ante min, Don Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte Don Xosé Luis Penas Corral, en representación da Deputación Provincial da Coruña e
Doutra parte Don Manuel Muíño Espasandín, en representación do Concello de Zas.

Os comparecentes interveñen no uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e,

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.
- 2.- O Concello de Zas leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis próximo o patrimonio á xente.
- 3.- O Concello de Zas quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na das Torres do Allo.
- 4.- Que coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto arquitectónico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Zas, CIF: P1509400F por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Zas, o proxecto de xestión integral con atención de visitantes das Torres do Allo e outras actividades para o ano 2025.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE ZAS.

1. O concello de Zas fará constar en todos os programas, folletos e carteis, etc., **o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.**
2. O concello de Zas achegará o persoal necesario para a atención a visitantes, e outras actividades nas Torres do Allo, durante o período de imputación de gastos que figura na cláusula CUARTA do convenio. O concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que reciban.

- Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo.
- Promover o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, debendo ser o idioma utilizado o galego, tanto nas visitas guiadas como nos logotipos empregados.**
- O concello de Zas comprométese á apertura dos centros de acordo cos horarios que se establecen na cláusula TERCEIRA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.**

TERCEIRA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO

- O servizo de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.
- O horario de atención ao público será como mínimo:

| NOME | SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO PAZO TORRES DO ALLO |
|--------------------------|---|
| TEMPORALIZACIÓN | Do 04 de xaneiro ao 28 de decembro de 2025 |
| ACTIVIDADES | |
| Atención ao visitante | Atención ao público durante a súa visita, aportar información e resolver posibles dúbidas. |
| Comunicación e promoción | Elaboración dun programa de comunicación (web, Social Media Plan e Plan de medios). |
| Programa didáctico | Desenvolvemento de actividades e obradoiros didácticos. Promoción e xestión de reservas . |
| Actividades de Animación | Organización de diversas actividades de animación relacionadas co Pazo. |
| Horario de apertura | Variará en función da tempada: <ul style="list-style-type: none"> Do 4 de xaneiro ao 14 de xuño (salvo Semana Santa) abrirase sábados, domingos e festivos de 11:00 a 19:00 horas. En Semana Santa abrirase de 11:00 a 20:00 horas. Do 15 de xuño ao 15 de setembro abrirase de luns a venres de 11:00 a 20:00, e sábados e domingos de 11:00 a 21:00 horas. Do 16 de setembro ao 28 de decembro abrirase os sábados, domingos e festivos de 11:00 a 19:00 horas. Torres do Allo permanecerá pechado os días 1 e 6 de xaneiro; 24, 25 e 31 de decembro. |
| Visitas guiadas | Realizaranse 2 visitas guiadas ao día, para todos os públicos. Tamén se ofrecerá a posibilidade de realizar reservas para grupos fóra dos horarios de visita regular. |
| Xogo de Pistas | É unha actividade orientada ao público familiar. Trátase de coñecer o pazo e a súa contorna dun xeito divertido buscando e solucionando as pistas agochadas nos elementos que conforman o BIC. A realizar dentro do horario de apertura. Durante o ano 2024 renovouse o antigo xogo de pistas e no 2025 volverase a actualizar para que 4 as persoas que xa participaron nel poidan realizar unha actividade totalmente renovada con diferentes retos e pistas. |

CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- A Deputación Provincial da Coruña abonará ao concello de Zas, o importe correspondente aos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un **máximo de 50.000,00 euros**, durante a anualidade de 2024, do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025 con cargo á aplicación 0112/3363/22609 e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
 - No caso de que os gastos xustificadas non cubertas con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula CUARTA do convenio.
 - Aboarase de conformidade co disposto na cláusula QUINTA do texto do convenio.

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Zas a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

- Efectuaranse pagos trimestrais, polo importe correspondente aos gastos non cubertos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito ano, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Zas.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Zas deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA : VIXENCIA

- O prazo de vixencia do presente convenio esténdese **dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de marzo de 2026.**
- As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, **entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro do 2025**, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
- Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.